

## **CAUSAS DE DENEGACIÓN E PERDA DAS AXUDAS**

As axudas poderán ser denegadas ou canceladas polas seguintes causas:

- a) Non reunir as condicións esixidas por esta ordenanza, relativas ás persoas solicitantes ou aos inmobles para rehabilitar.
- b) Realizar obras non previstas no proxecto e que non estean autorizadas pola Oficina de Rehabilitación (OdR), que consten no proxecto ou na súa execución.
- c) Realizar grave incorrección técnico-construtiva das obras, apreciada pola OdR e constatada no proxecto ou na súa execución.
- d) Non executar as obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade a respecto do estado previo do inmovible.
- e) Iniciar as obras sen dar conta á OdR.
- f) Incumprir os prazos sinalados na aprobación inicial ou nas prórrogas concedidas, así como as condicións relativas á ocupación das vivendas.
- g) Impedir ou obstaculizar o acceso ás obras do persoal técnico da OdR por parte do/a promotor/a ou do/a contratista.
- h) Realizar modificacións nos documentos técnicos.